

ÁMBITO

Localidade A Pobra do Caramiñal

Comarca Barbanza

Lugar de realización Antigo bar “A trastenda”

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 8

Nº de non militantes asistentes 2

Nº de militantes convocad@s

TODOS!!! E simpatizantes, individualemente, por teléfono, con recordatorio...

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local Ramiro Ouviaña, portavoz municipal

Representante do Consello Nacional Cristina Andrade, responsábel comarcal

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 2 horas

Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) Clásicca

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Distendida. Todas as persoas falan con confianza. Unha das persoas asistentes era a primeira vez que se achegaba a unha asemblea do BNG e ofreceuse a colaborar no que puidese: temos un novo simpatizante.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

Hai que facer chegar que o nacionalismo é necesario. Poñer en valor os obxectivos do BNG

Radiografía da Galiza de hoxe

Hai 20 anos que os sectores produtivos de Galiza están en declive (mar, sector lácteo, forestal –non se aproveita a produtividade dos montes-, enerxético) e non hai ninguén no goberno do Estado que nos represente en Europa. Ademais, un goberno que permite a pobreza infantil sen poñer remedio non pode ser un bo goberno.

A Galiza non se lle permite desenvolver as súas potencialidades.

Aos galegos e as galegas nos ensinaron a ser submisos e agora aprendemos a ser resignados: a xente xa non se mobiliza para reivindicar os seus dereitos. Hai que rexeitar a resignación.

Somos un país colonizado e a situación de dependencia do Estado Español nos está aniquilando, porque as consecuencias son o envellecemento poboacional e a emigración da mocidade.

Estratexia política do nacionalismo galego

Explicar con pedagogía que despois de 40 anos de democracia ningún dos gobernos do Estado conseguiu mellorar a nosa sociedade. Foi un erro enmascarar o noso soberanismo hai algúns anos. Agora debemos ser claros no noso discurso: non hai outra vía que a de gobernarnos nós mesmos.

É importante traballar a comunicación porque non temos medios afíns.

Ser máis belixerantes coas Mareas e recuperar a xente que tradicionalmente se sentiu identificada co nacionalismo (mocidade...). As persoas de 30-40 anos conectaron coas "novas formas de facer política pero os máis novos están volvendo ao nacionalismo".

Hai que facer un deseño claro do país que queremos, contemplando todos os detalles: división administrativa (comarcalización, eliminación das Deputacións), infraestruturas viarias, educativas, sanitarias... Reclamar as competencias sobre todo o que é noso: as nosas augas, as nosas comunicacións... Propoñer unha solución ao problema poboacional.

Debemos conseguir que a nosa sociedade sexa como a catalá ou a vasca, que aínda que non sexan nacionalistas non senten a submisión ao Estado.

En Galiza falta un nacionalismo de dereitas. Habería que logralo para centrar a discusión en Galiza e quitar protagonismo ao PP.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Hai que transmitir o potencial que ten ser nacionalista para a mellora económica, social, cultural, de cohesión da sociedade.

Pódense pactar vantaxes para Galiza no Estado pero para iso hai que ter representación en Madrid.

Poñer en valor os obxectivos do BNG

Participación política e modelo organizativo

Modelo frontista que propicie a participación da militancia non organizada e simpatizantes.

Incorporar o sistema telemático para a participación.

O funcionamento dos colectivos dentro do BNG ten que ser mellorado.

Asemblearismo aberto á participación de todos e todas.

Fortalecer a figura do simpatizante